

CONCESIÓN DAS AXUDAS

- Para ter acceso á axuda é preciso obter un mínimo de 50 puntos na avaliación técnica do proxecto, seguindo os criterios establecidos no artigo 12 da orde.
- No caso de esgotarse o crédito, as entidades ou grupos informais que alcancen a puntuación mínima pasarán a formar parte dunha lista de reserva.



SOLICITUDE DE ANTICIPO

- Cando recibades a resolución de concesión, teredes un prazo de dez días para solicitar o anticipo. Nese mesmo prazo tamén podedes renunciar expresamente á axuda.

XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS

- Teredes ata o 15 de outubro do 2014 para xustificar a realización do 100% do proxecto, coa presentación de toda a documentación que se recolle no artigo 15 da orde.



gálicia



INICIATIVA XOVE 2014

Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado
San Lázaro, s/n. 3º andar
15781 Santiago de Compostela
xuventude.xunta.es
institutoxuventude.ctb@xunta.es
981 544 866 > 981 957 057



INICIATIVA XOVE 2014



Se tes entre **18 e 30 anos**, pertences a unha asociación xuvenil ou prestadora de servizos á xuventude ou a algunha das súas respectivas federacións que están inscritas no censo de entidades xuvenís da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado (DXXeV), ou ben decides formar un grupo de entre 5 e 8 persoas, co fin de facer realidade unha idea e convertela nun proxecto, entón poderedes participar no programa **INICIATIVA XOVE**.

SERÁN PROXECTOS:

- LIDERADOS POR XENTE MOZA GALEGA.
- PARA REALIZAR ENTRE O DÍA 1 DE XANEIRO E O 14 DE OUTUBRO DO 2014.
- SÓ SE PODERÁ PRESENTAR UN PROXECTO POR SOLICITANTE.
- O ORZAMENTO NON PODERÁ SER SUPERIOR A **4000€**.

- Desenvolvemento de ideas no eido do emprendemento e a empregabilidade.
- Fomento de actitudes: creativas, innovadoras, participativas, e de accesibilidade da mocidade con discapacidades a actividades de lecer e culturais.
- Experiencias de educación non formal en distintos campos.
- Creación de espazos para a comunicación e as novas tecnoloxías.
- Dinamización das mulleres mozas galegas na toma de decisións, xestión e liderado.

EN QUE ÁREAS PODEDES REALIZAR O VOSO PROXECTO?

QUEN PODE SOLICITAR INICIATIVA XOVE?

- As asociacións xuvenís e entidades que lle prestan servizos á mocidade que carezan de interese de lucro, e as súas respectivas federacións que estean inscritas no censo de entidades xuvenís desta DXXeV.
- Os grupos de entre 5 e 8 mozos e mozas que teñades entre os 18 e os 30 anos que queirades xuntarvos para desenvolver un proxecto.

QUE SE SUBVENCIONA E QUE NON?

✓ **SI**

- Os proxectos enmarcados nas áreas prioritarias referidas no artigo 1.
- As actividades realizadas desde o 1 de xaneiro ao 14 de outubro.



PARA TER EN CONTA:

- No caso de que se inclúa no orzamento algún gasto de funcionamento, este deberá estar directamente relacionado co proxecto e non poderá superar nunca o 5% do orzamento total.
- Nos proxectos que precisan formación:
 - > Acreditarase a formación dos docentes (currículo e mais a documentación acreditativa). De producirse variacións, notificaranse do mesmo xeito.
 - > Xuntarase programa e contidos.
 - > A formación terá carácter gratuíto para as persoas destinatarias.

✗ **NON**

- Proxectos docentes e deportivos incluídos nos plans de ensino e deporte escolar e federativo.
- Adquisición de equipamento e material inventariable.
- Gastos ordinarios de funcionamento non asociados co proxecto subvencionado e recollidos no orzamento (anexo III).
- Gastos correspondentes ás retribucións do persoal que teña unha relación laboral dependente das persoas ou entidades beneficiarias, nin honorarios profesionais ou remuneracións de calquera clase das persoas ou entidades impulsoras do proxecto.
- Proxectos que soamente consistan en concertos ou festas.

- Os gastos de manutención (comidas, consumicións, servizo de restauración, compra de produtos alimenticios, etc.), non poderán superar o 10% do orzamento total.
- Poderase subcontratar ata un 50% do proxecto subvencionado.
- Todas as actividades que se desenvolvan serán de carácter gratuíto, non podendo xerar ingresos por pagamento de cotas, entradas, etc., para a entidade ou grupo informal promotores do proxecto.
- Na redacción do proxecto e de cara á súa xustificación, deberá terse en conta os artigos 5 e 15 desta orde.

COMO TEÑO QUE FACER?

- Presentar a documentación preferentemente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo: <https://sede.xunta.es>. Alternativamente, tamén se poderá entregar nun rexistro oficial ou oficina de correos (co seu selo na primeira folla do formulario).
- O prazo de presentación será dun mes desde a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (Ex. se se publica o 15 de marzo o prazo remata o 15 de abril, no caso de ser o 31 de marzo o último día será o 30 de abril).

DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE PRESENTAR

	POR UNHA ENTIDADE	POR UN GRUPO INFORMAL
Anexo I	✓ SI	✓ SI
Anexo II	✗ NON	✓ SI <small>(un por cada membro do grupo informal excepto a persoa representante)</small>
Anexo III	✓ SI	✓ SI
Anexo IV	✗ NON	✓ SI